

## ACTIVIDADES NO DOMICILIO

PERÍODO: Do 18 ao 22 de Maio

MATERIA: **Bioloxía e Xeoloxía**

CURSO: **1º ESO** (todos os grupos)

PROFESOR/A: **Tania**

CONTACTO: [tania.biogeo@gmail.com](mailto:tania.biogeo@gmail.com)

MÉTODO DE CORRECCIÓN: enviade fotografías para anotar a evolución das vosas tarefas. Seguirán subíndose as solucións á páxina web do centro durante a seguinte semana

## ACTIVIDADES

### TEMA 3: “A ATMOSFERA”

Imos a seguir co **repaso**, tema a tema, de todo o visto ata o de agora.

Unha vez feito todo isto, necesito que me **enviedes unha fotografía das vosas actividades** (para ter en conta o voso traballo, sempre de maneira positiva).

De todas formas, para a semana subiremos as solucións á páxina web, tal e como levamos facendo ata o de agora, para que poidades auto-corrixirvos.

Se tedes algunha dúbida sobre a materia ou sobre as propias actividades a realizar, podedes preguntarme no correo como ata o de agora.

Seguimos co repaso do **Tema 3**, do cal teredes que facer nesta 9ª semana lectiva dende a suspensión de clases, o seguinte:

- Ler os seguintes apartados:
  5. A presión atmosférica. (páx. 52)
  6. O aire móvese. (páx. 53)
  7. As nubes e as precipitacións (páx. 54)
  8. O tempo e o clima (páx. 55)
  9. A contaminación atmosférica (páx.56-57) (soamente definición de contaminante e exemplos de impactos negativos e positivos).

- Facer un esquema de todo lo lido (¡Olo! Soamente un esquema!)
- Unha vez acabado o anterior, imos a facer un cuestionario-quiz sobre esta primeira información da atmosfera en Quizizz. Podedes rexistrarvos previamente ou, se vos resulta demasiado, podedes acceder ao enlace que tedes máis abaixo, xogar e ao rematar sacádelle unha fotografía á páxina final coa vosa puntuación, e enviádema por correo (para valorala).

Como sei que non todos podedes acceder, pónovos as preguntas deste cuestionario ao final do arquivo; o cubrides e mo enviades ó correo como ata o de agora.

**Cuestionario en Quizizz:**

<https://quizizz.com/join/quiz/5e9eb47d670e87001d907eae/start?studentShare=true>

1.



Cal é a orixe da atmosfera?

- a) Xurdiu hai 4.400 anos por xeración espontánea
- b) Formouse hai 4.400 millóns de anos, a partir dos gases do interior da Terra
- c) Non existe como tal
- d) Sempre estivo aí

2.



Cal das seguintes respostas é correcta en relación á composición da atmosfera?

- a) O Osíxeno representa o 21%
- b) O Dióxido de Carbono é moi abundante
- c) O gas máis abundante é o Argón
- d) O Nitróxeno representa o 21%


3.



En relación á estrutura da atmosfera: cales das seguintes afirmacións son verdadeiras?

- a) A capa de ozono é a máis próxima á superficie da Terra
- b) A temperatura na Troposfera diminúe coa altura, ata os -55 °C
- c) A Ozonosfera atópase, á súa vez, na Estratosfera
- d) Os fenómenos meteorolóxicos prodúcense na Troposfera

4.



Que afirmacións son correctas sobre as capas da Atmosfera?

- a) A Mesosfera é unha capa situada entre a Estratopausa e a Mesopausa
- b) A temperatura na Mesosfera é moi alta, ata os 1.000 °C
- c) As estrelas fugaces fórmanse na Termosfera (Ionosfera)
- d) A Exosfera é a última capa da Atmosfera
- e) A temperatura na Termosfera pode chegar ata os - 500 °C


5.



Unha das funcións máis importantes da Atmosfera é ...

- a) Proporcionar auga líquida aos seres vivos
- b) Producir fenómenos meteorolóxicos
- c) Ter cores moi diferentes no ceo
- d) Actuar de filtro protector fronte ás radiacións intensas do Sol


6.



A presión atmosférica ... (varias opcións)

- a) Aumenta coa altitude
- b) É o peso que exerce o aire sobre a superficie terrestre
- c) Diminúe a medida que ascendemos na atmosfera
- d) O aire frío exerce maior presión sobre a superficie
- e) Temperatura e presión atmosférica non teñen nada que ver


7.



O aire móvese ... (só unha)

- a) Dun lado a outro porque sí
- b) Debido á diferenzas de presión atmosférica
- c) Desde as Borrascas cara os Anticiclóns
- d) Só na horizontal


8.



As nubes ... (varias opcións)


- a) Son un conxunto de gases
- b) Están formadas por un aerosol de gotas de auga
- c) De tipo cúmulo indican que vai a chover moito
- d) De tipo cumulonimbos asóciase a tormentas (lóstregos, chuvia e sarabia)

9.



Clima e Tempo son o mesmo?

10.



Un climograma ... (*varias respostas*)

- a) É unha representación das temperaturas e precipitacións
- b) Non da información relevante sobre o clima dun lugar
- c) Representa a temperatura en puntos vermellos
- d) Representa as precipitacións en columnas azuis

11.



Un contaminante é ...

- a) Unha partícula sólida que flota na atmosfera
- b) Substancias gasosas que hai na atmosfera
- c) Substancias sólidas, líquidas ou gasosas, prexudiciais para a saúde
- d) Algo que non existe